

# **FESTIVOS NACIONAIS QUE COINCIDEN EN SÁBADO**

## **ÁMBITO DA ATENCIÓN PRIMARIA E FEAs**

O SERGAS acaba de emitir instrucións ás áreas sanitarias para a **solicitude e desfrute dos festivos nacionais que coincidan en sábado.**

Isto **rexe para FEAs de Atención Hospitalaria e para parte do persoal de Atención Primaria:** enfermeiros/as, enfermeiros/as especialistas (familiar e comunitaria, pediátrica), matróns/as, fisioterapeutas, traballadores sociais, médicos de familia, FEAP, pediatras, odontólogos, nutricionistas e farmacéuticos.

**Informan que no ano 2026 trátase do sábado 15 de agosto.** Haberá que solicitalo como **“CFS-Compensación Festivo Sábado”** co mesmo tratamento de desfrute que os días de Libre Disposición.

CCOO solicita que **se conceda tamén o 25 de Xullo como compensación por ser festivo coincidente en sábado.**

Para máis información, acode a túa sección sindical de CCOO

10 de febreiro do 2026